

*Resolución do 22 de febreiro de 2008, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se aproban as bases que rexerán o concurso público de 10 bolsas de estadias para investigadores de fóra da Comunidade Autónoma de Galicia e a súa colaboración en proxectos de investigación no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.*

Nos novos tempos os países tentan establecer vínculos de relación cada vez máis estreitos entre si, procurando a proxección da súa imaxe propia máis aló das súas fronteiras xeográficas. Os países necesitan ser máis e mellor coñecidos e nesa tarefa de difusión ofrecen e propagan o que posúen de máis valor: a lingua e cultura.

Para Galicia, un punto moi especial desa política proactiva cara ao exterior pasa polo establecemento dunhas plataformas de prestixio que dean a coñecer fóra do seu ámbito xeográfico inequívocos sinais de identidade como a lingua, a literatura e a cultura en xeral.

Hoxe, a difusión da lingua galega, da súa literatura, da súa historia ou do modo de ver o mundo en Galicia hai que facelo por distintas vías. Esta foi a principal razón pola que se puxeron en marcha diversos centros de estudos galegos en máis de 42 universidades de fóra da Comunidade Autónoma galega e se crearon e se apoian a creación de bibliotecas e a impartición de cursos de galego en diversas universidades patrocinados pola Secretaría Xeral de Política Lingüística e no mesmo programa tamén se crearon as bolsas de estadias do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades que funcionan ininterrompidamente desde o ano 1997.

O artigo 5 en harmonía co artigo 27 do Estatuto de autonomía para Galicia establece como competencia da Comunidade Autónoma galega a promoción e ensino da lingua galega e o fomento da cultura e a investigación.

Dentro do plan de actividades da Secretaría Xeral de Política Lingüística para o 2008 figura a convocatoria pública de bolsas de investigación para realizar proxectos concretos sobre lingüística, literatura, antropoloxía e historia galegas, no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

O seu outorgamento enmárcase dentro das funcións atribuídas na disposición adicional segunda c) do Decreto 44/2006, do 2 de marzo (DOG nº 53, do 16 de marzo), de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

Na súa virtude, apróbanse as seguintes bases:

*Primeira.-Obxecto.*

O concurso ten por obxecto a adxudicación de dez bolsas de estadias e participación en actividades nun

proxecto de investigación, que aparecen como anexo I, no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, destinadas a licenciados e licenciadas ou estudantes dos dous últimos anos de licenciatura, vinculados a universidades de fóra da Comunidade Autónoma de Galicia.

*Segunda.-Contía das bolsas.*

O importe das bolsas incluirá:

-Unha asignación mensual que será de 850 euros, coa retención fiscal que corresponda. A percepción desta dotación será incompatible con outro tipo de bolsa ou axuda para o mesmo plan de traballo.

-Seguro de asistencia médica e seguro combinado de accidentes.

Para o gasto que se proxecta habilitarase o crédito adecuado e suficiente na partida orzamentaria 04.60.151A.480.1 por unha contía máxima total de sesenta e tres mil euros (63.000 euros) 59.500 € para pagamento das mensualidades e 3.500 € para a asistencia sanitaria, correspondentes aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008.

O pagamento da bolsa realizarase mensualmente logo do informe do director de investigación, sempre que os traballos se desenvolvan con normalidade e de acordo coas bases establecidas.

*Terceira.-Duración.*

O período de vixencia das bolsas será dun mínimo de dous meses e dun máximo de sete e co límite en todo caso do 31 de decembro de 2008.

A data de incorporación ao centro será dentro dos vinte días seguintes ao da notificación da adxudicación. Se o adxudicatario ou adxudicataria non se incorporase no prazo establecido perderá os dereitos inherentes á bolsa concedida, salvo causa de atraso debidamente xustificada e así apreciada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.

*Cuarta.-Requisitos xerais.*

a) Non ser separado ou separada anteriormente do servizo de ningunha Administración ou institución como consecuencia de expediente disciplinario.

b) Ser licenciado ou licenciada ou estudante dos dous últimos anos de licenciatura vinculado a universidades de fóra da Comunidade Autónoma de Galicia.

c) Non poderán participar nesta convocatoria aquelas persoas que, aínda que reúnan estes requisitos, resultasen beneficiarias destas bolsas en máis dunha ocasión en concursos anteriores do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

Quinta.-*Solicitudes.*

As solicitudes formularanse no modelo que se xunta como anexo II e irán dirixidas á Secretaría Xeral de Política Lingüística e entregaranse na sede do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (estrada Santiago-Noia, km 1 -A Barcia, 15896 Santiago de Compostela), ou ben en calquera dos centros previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo de presentación das solicitudes será de corenta días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Canda o formulario entregarase a seguinte documentación:

-Currículo en que deberá constar a experiencia investigadora en proxectos de investigación, acompañando documentación que avale a totalidade dos méritos alegados.

-Certificación académica persoal completa.

-Fotocopia do DNI ou pasaporte.

-Documentación que xustifique a citada vinculación coa universidade de fóra da Comunidade Autónoma de Galicia.

-Declaración xurada en que conste que non dispón doutra bolsa para o mesmo fin e que non se atopa separado do servizo de ningunha Administración nin institución pública como consecuencia de expediente disciplinario.

-Plan de traballo, sempre relacionado cos proxectos que aparecen no anexo I, que se pretenden levar a cabo no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (1.000 palabras de extensión máxima) e duración prevista da estancia no propio centro.

-Informe dun profesor ou profesora, en que se poña de manifesto a importancia que a estadia no Centro Ramón Piñeiro pode ter para a formación ou para os resultados da investigación que está levando a cabo o candidato ou candidata.

-Declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas, ou concedidas, para un mesmo proxecto, perante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos.

Todos os documentos deberán ser orixinais ou copias cotexadas, en versión galega ou castelá.

Vistas todas as solicitudes daráselles aos solicitantes un prazo de 10 días para emendar a falta de documentación; transcorridos estes días sen a devandita emenda, arquivaranse eses expedientes.

Sexta.-*Comisión de valoración.*

A avaliación dos proxectos e dos méritos alegados e acreditados polos solicitantes levaraa a cabo unha comisión nomeada pola secretaria xeral de Política Lingüística, por proposta da Comisión Executiva do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Estará presidida polo coordinador científico do Centro Ramón Piñeiro e composta, ademais, por catro vogais, e actuará como secretario o secretario do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Esta comisión poderalles solicitar informes previos sobre as solicitudes presentadas aos directores dos proxectos de investigación implicados.

A comisión non valorará aqueles méritos alegados polos solicitantes que non estean acreditados documentalmente.

O presidente da comisión elevará informe sobre os candidatos e candidatas seleccionados e suplentes, se é o caso, para a súa proposta á Secretaría Xeral de Política Lingüística para o seu nomeamento e publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Esta resolución, que esgotará a vía administrativa, poderá ser obxecto de recurso de reposición nun prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia*, perante á secretaria xeral de Política Lingüística, segundo o disposto na Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro), de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben os interesados poderán presentar directamente recurso contencioso-administrativo, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, conforme se establece na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As solicitudes consideraranse desestimadas de non quedar resolta a convocatoria no prazo de seis meses desde a data da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Sétima.-*Baremos para a selección dos bolseiros e bolseiras.*

-Titulación do solicitante e expediente académico: ata un máximo de 4 puntos.

-Currículo do solícitante e experiencia investigadora en proxectos de investigación similares: ata un máximo de 3 puntos.

-Avaliación do proxecto presentado: ata un máximo de 3 puntos.

En caso de empate terase en conta o expediente académico, en segundo lugar o currículo e, complementariamente o interese do proxecto do candidato ou candidata.

*Oitava.-Obrigas.*

Os bolseiros e bolseiras participarán nas actividades que lles encomende o director do proxecto a que estea adscrito, en xornada de mañá ou tarde.

O incumprimento por parte do bolseiro ou bolseira dalgunha das condicións recollidas nas presentes bases suporá a perda da bolsa concedida e, de ser o caso, o reintegro das cantidades xa cobradas.

A condición de bolseiro ou bolseira non dará lugar a relación contractual ningunha, nin laboral nin administrativa coa Xunta de Galicia.

En todo caso, tendo en conta o artigo 11 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións, o bolseiro ou bolseira ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Antes de finalizar a bolsa o adxudicatario ou adxudicataria realizará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solícitas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para un mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

Unha vez finalizada a bolsa presentarase un informe da actividade realizada co visto e prace do director do proxecto.

*Novena.-Rexistro de axudas e subvencións.*

De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Secretaría Xeral de Política Lingüística publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e beneficiarias e o importe das bolsas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

Así mesmo, en cumprimento co disposto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a secretaria xeral fará públicos os datos relevantes referidos ás bolsas concedidas. A reserva que o peticionario ou peticionaria poida facer no sentido de non autorizar a obtención ou a publicidade dos datos nos rexistros, que en todo caso terá que comunicarlle expresamente á Administración, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación na convocatoria de bolsas ou, noutro caso, á revogación do acto de outorgamento e, se procede, ao reintegro do importe concedido.

*Décima.*

Esta resolución réxese pola normativa básica da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003. Así mesmo, réxese polo establecido na Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia.

*Décimo primeira.*

Esta resolución, que esgotará a vía administrativa, poderá ser obxecto de recurso de reposición no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia*, perante a secretaria xeral de Política Lingüística, segundo o disposto na disposición adicional segunda d) do Decreto 44/2006, do 2 de marzo (DOG nº 53, do 16 de marzo), de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, e segundo o disposto na Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro) de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben os interesados poderán presentar directamente recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, conforme se establece na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2008.

María Sol López Martínez  
Secretaria xeral de Política Lingüística

*ANEXO I*

- Fraseoloxía galega.
- Identidade galega.
- Dicionarios de literatura.
- Informes de literatura galega.
- Bibliografía da literatura galega.
- Tradución automática.
- Bibliografía de lingüística galega (Bilega).
- Análise morfolóxica e sintáctica automática.
- Corpus de referencia do galego actual (Corga).
- Estudos de terminoloxía.
- Edicións facsimilares de revistas literarias e prensa da emigración galega.
- Síntese e recoñecemento de voz.
- Recuperación de textos literarios galegos.
- Literatura galega medieval
- Corpus Documentale Latinum Gallaeciae* (Codolga).
- Base de datos do Atlas Lingüístico Románico.



**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA

ANEXO II

**CENTRO RAMÓN PIÑEIRO PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES**

PROCEDEMENTO <b>BOLSAS ESTADÍAS DE PERSOAL DE CENTROS DE ESTUDOS GALEGOS DE FÓRA NO CENTRO RAMÓN PIÑEIRO PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>PR109B</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

**DATOS DO/A SOLICITANTE**

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	CIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
ENDEREZO (RÚA, NÚMERO E ANDAR)			PROVINCIA
<input type="text"/>			<input type="text"/>
CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	PAÍS	TELÉFONO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

NACIONALIDADE	DURACIÓN DA ESTADÍA (MESES)	DATA DE CHEGADA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
DIPLOMAS E TÍTULOS		
<input type="text"/>		

**DATOS DA INSTITUCIÓN DE ORIXE**

INSTITUCIÓN	
<input type="text"/>	
NOME E APELIDOS DO DIRECTOR	TELÉFONO
<input type="text"/>	<input type="text"/>
ENDEREZO POSTAL	FAX
<input type="text"/>	<input type="text"/>

BREVE DESCRICIÓN DOS OBXECTIVOS DA ESTADÍA
<input type="text"/>

Quen abaixo asina DECLARA QUE:

Presta expresamente o seu consentimento á Presidencia da Xunta de Galicia para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Resolución do 22 de febreiro de 2008, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se aproban as bases que rexerán o concurso público de 10 bolsas de estadias para investigadores de fóra da Comunidade Autónoma de Galicia e a súa colaboración en proxectos de investigación no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO <input type="text"/> REVISADO E CONFORME <input type="text"/>	NÚMERO DE EXPEDIENTE <input type="text"/> DATA DE ENTRADA ___/___/___ DATA DE EFECTOS ___/___/___ DATA DE SAÍDA ___/___/___
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA  _____, de _____ de _____		